

Benestar animal. Manual para formadores

Preguntas



MÓDULO 1

- 1. Na actualidade podemos afirmar que a entidade coñecida como OIE:**
 - a. É a Organización Mundial de Sanidade Animal
 - b. É a Organización Internacional de Epizootias
 - c. Ten a súa sede en París
 - d. Son correctas as respostas "a" e "c"

- 2. Respecto do código sanitario para os animais terrestres podemos afirmar que:**
 - a. Inclúe 6 directivas sobre o BA
 - b. A versión máis moderna é a 19ª do ano 2010
 - c. Foi aprobado pola sesión xeral da OIE
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas

- 3. En relación co BA e ata a data de hoxe, o Consello de Europa aprobou:**
 - a. 6 convenios básicos e 12 recomendacións
 - b. 4 convenios básicos e 12 recomendacións
 - c. 3 convenios básicos e 10 recomendacións
 - d. 6 convenios básicos e 10 recomendacións

- 4. A normativa básica da UE relativa á protección de animais durante o transporte e operacións conexas é o:**
 - a. Regulamento n.º 1/2005
 - b. Regulamento n.º 639/2003
 - c. Regulamento n.º 1255/97
 - d. Regulamento n.º 1099/2009

- 5. En España a norma legal relativa ao coidado dos animais nunha explotación, transporte, experimentación e sacrificio é a:**
 - a. Lei 32/2007
 - b. Lei 15/2003
 - c. Lei 53/2007
 - d. Lei 60/2003

- 6. As siglas polas que se coñece o panel sobre saúde e benestar animal da EFSA son:**
 - a. Panel AMAW
 - b. Panel AHAW
 - c. Panel ARCH
 - d. Panel ARS

- 7. A norma que regula a autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais en España é o:**
 - a. RD 751/2006
 - b. RD 752/2006
 - c. RD 751/2000
 - d. RD 75/2006

- 8. A disposición pola que se crea o Comité especial de benestar e protección dos animais de produción en España é o:**
 - a. RD 752/2006
 - b. RD 751/2008
 - c. RD 751/2009
 - d. RD 751/2006

- 9. En España as normas mínimas para a protección de becerros establécense o:**
 - a. RD 1047/1994
 - b. RD 1048/1994
 - c. RD 1049/1994
 - d. RD 1049/1999

- 10. En España as actuais normas mínimas para a protección de porcos establécense o:**
 - a. RD 1135/2003
 - b. RD 1135/2003
 - c. RD 1135/2002
 - d. RD 2135/2002

- 11. En España a disposición relativa á protección de animais nas explotacións é o:**
 - a. RD 348/2001
 - b. RD 348/2000
 - c. RD 348/2002
 - d. RD 348/2003

- 12. En España a disposición relativa á protección de galiñas poñedoras é o:**
 - a. RD 3/2008
 - b. RD 3/2003
 - c. RD 3/2002
 - d. RD 5/2006

- 13. En España a disposición relativa á ordenación da avicultura de carne é o:**
- a. RD 1084/2009
 - b. RD 1084/2005
 - c. RD 1088/2007
 - d. RD 1084/2007
- 14. En España a disposición actualmente vixente, relativa á protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, é o:**
- a. RD 54/1995
 - b. RD 54/1996
 - c. RD 54/1997
 - d. RD 54/1998
- 15. En España a disposición actualmente vixente, relativa á protección de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, é o:**
- a. RD 1201/2007
 - b. RD 1201/2006
 - c. RD 1201/2005
 - d. RD 1210/2007
- 16. Para os efectos de benestar animal, unha femia porcina despois do primeiro parto é unha:**
- a. Porca en produción
 - b. Porca en lactación
 - c. Porca nova
 - d. Porca
- 17. Segundo a normativa española, para os efectos de benestar animal, un criador pode ser:**
- a. Unha persoa xurídica unicamente
 - b. Unha persoa física unicamente
 - c. Unha persoa xurídica ou física
 - d. Unha persoa con nacionalidade española
- 18. Unha explotación avícola de carne de autoconsumo pode producir como máximo:**
- a. 250 kg ou equivalente de peso vivo ao ano
 - b. 240 kg ou equivalente de peso vivo ao ano
 - c. 210 kg ou equivalente de peso vivo ao ano
 - d. 205 kg ou equivalente de peso vivo ao ano

19. Unha explotación de ratites pode considerarse de autoconsumo:

- a. Sempre
- b. Sempre que teña autorización
- c. Nunca
- d. Se producen un máximo de 350 kg de peso vivo ao ano

20. Considéranse procedementos en experimentación animal:

- a. Os métodos de sacrificio humanitario
- b. Os métodos de identificación
- c. "a" e "b" son respostas correctas
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

21. O termo sacrificio aplícase especificamente á morte producida:

- a. Por sangrado
- b. Por percusión
- c. De acordo con determinados ritos relixiosos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

MÓDULO 2

- 22. Os ritos de sacrificio denominados “Halal” e “Kosher” son:**
- a. Islámico e xudeu respectivamente
 - b. Xudeu e islámico respectivamente
 - c. Ambos os dous ritos son xudeus
 - d. Ambos os dous ritos son islámicos
- 23. As teorías deontolóxicas afirman que:**
- a. Os animais teñen dereitos
 - b. Os animais teñen moral
 - c. Os homes teñen deberes cos animais
 - d. Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 24. O fundador do utilitarismo foi:**
- a. John Mills
 - b. Descartes
 - c. Jeremy Bentham
 - d. George Orwell
- 25. A teoría dos animais máquinas débese a:**
- a. Descartes
 - b. John Mills
 - c. Toulouse Lautrec
 - d. Cantimpre
- 26. O informe Brambell é do ano:**
- a. 1966
 - b. 1965
 - c. 1964
 - d. 1968
- 27. O concepto “suxeito dunha vida”:**
- a. Englóbase na aproximación aos dereitos dos animais
 - b. Débese a Tom Regan
 - c. “a” e “b” son respostas correctas
 - d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

- 28. A aproximación á ética simple é unha corrente filosófica:**
- a. Afín ao especismo
 - b. Antiespecista
 - c. Racista
 - d. Positivista
- 29. O abolicionista máis destacado a nivel mundial é:**
- a. Gary Francione
 - b. Tom Regan
 - c. Helmut Kaplan
 - d. Richard Ryder
- 30. O principio de igualdade de consideración entre seres vivos e de igualdade de trato:**
- a. Débese a Peter Singer
 - b. É parte da teoría da aproximación ao padecemento
 - c. "a" e "b" son respostas son correctas
 - d. Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 31. O principio de ecoloxía profunda débese a:**
- a. Arne Naess
 - b. Paul Taylor
 - c. Ted Bentam
 - d. Ursula Wolf
- 32. A primeira referencia normativa de defensa dos animais data do século:**
- a. XVI
 - b. XVII
 - c. XVIII
 - d. XIX
- 33. A declaración universal dos dereitos dos animais é do ano:**
- a. 1979
 - b. 1980
 - c. 1974
 - d. 1978

34. O código penal español cita o abandono dos animais domésticos no seu artigo:

- a. 632.2
- b. 633.2
- c. 631.2
- d. 630.2

35. Un animal considérase legalmente abandonado cando:

- a. No prazo de 30 días da súa captura non é reclamado por ninguén que acredite ser o seu dono
- b. Carece de identificación
- c. Encóntrase nun centro de recollida de animais abandonados á espera de ser identificado polo seu dono nunha semana
- d. Pasaron 20 días dende a súa captura sen ser reclamado por quen acredite a súa relación posesoria

MÓDULO 3

- 36. O BA incorporouse como prioridade no plan estratéxico da OIE para o período:**
- a. 2000-2006
 - b. 1995-1996
 - c. 2002-2003
 - d. 2001-2005
- 37. O BA introduciuse como materia no código sanitario dos animais terrestres da OIE dende o ano:**
- a. 2003
 - b. 2009
 - c. 2004
 - d. 2005
- 38. O principio dos tres “erres” de Burch e Russell comprende:**
- a. Refinamento, reeducación e redución
 - b. Refinamento, redución e reemprazo
 - c. Refinamento, redución e reeducación
 - d. Reeducación, reestruturación e rehabilitación
- 39. O principio das 5 liberdades da FAWC é do ano:**
- a. 1992
 - b. 1993
 - c. 1994
 - d. 1995
- 40. O proxecto máis importante de avaliación do BA na UE ata o momento é o:**
- a. WELFARE QUALITY
 - b. AHAW
 - c. COST
 - d. EFSA
- 41. A relación entre o BA e o rendemento económico é:**
- a. Constante
 - b. Variable
 - c. En xeral ten forma de “U” invertida
 - d. Son correctas as respostas “b” e “c”

- 42. A sensibilidade ao estrés dos ruminantes pode ser debido entre outros factores a:**
- a. Relación entre a rumia e o sono
 - b. Relación entre a rumia e a vista
 - c. Ser animais poligástricos polifásicos
 - d. A diminución do catabolismo
- 43. O estrés pode provocar en xeral sobre a inxestión e dixestión:**
- a. Redución da absorción de nutrientes
 - b. Inapetencia
 - c. Úlceras gástricas
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 44. O estrés afecta a reprodución:**
- a. Alterando a secreción da hormona hipofisaria
 - b. Provocando atraso da puberdade
 - c. Elevando a mortalidade perinatal
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 45. O fenómeno da carne coñecido como PSE é causado por:**
- a. Factores xenéticos
 - b. Manexo antemortem deficiente
 - c. Son correctas as respostas "a" e "b"
 - d. Son incorrectas as respostas "a" e "b"
- 46. Un pH > 6,4 provoca na carne o fenómeno coñecido como:**
- a. PSE
 - b. DFD
 - c. PSD
 - d. Calquera das respostas anteriores é correcta dependendo da temperatura
- 47. Defínese a carne PSE como:**
- a. Pálida, dura e seca
 - b. Pálida, seca e estriada
 - c. Escura, seca e exsudativa
 - d. Pálida, branda e exsudativa

- 48. Defínese a carne DFD como:**
- a. Escura, dura e seca
 - b. Escura, dura e transpirante
 - c. Pálida, dura e seca
 - d. Escura, friable e seca
- 49. O programa In Awe (International Animal Welfare Education) implementouse pola:**
- a. WSPA
 - b. OIE
 - c. FAO
 - d. UE
- 50. Cales son os enfoques correctos do BA:**
- a. Antropocéntrico: as accións sobre os animais reflíctense no consumo dos seus produtos polos homes
 - b. Biocéntrico: respecto dos animais polo seu valor intrínseco
 - c. Patocéntrico: se un ser vivo que sente tamén pode sufrir
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 51. As siglas GIR correspóndense co:**
- a. Grupo de investigación e desenvolvemento
 - b. Grupo internacional de benestar
 - c. Grupo de investigación interservizos
 - d. Grupo do panel AHAW
- 52. Os enfoques do BA son:**
- a. Ciencia, ética e solidariedade
 - b. Ciencia, ética e coñecemento
 - c. Ciencia, ética e lexislación
 - d. Ciencia, solidariedade e lexislación
- 53. As aproximacións ao concepto do BA son:**
- a. Estatus físico, químico e mental
 - b. Estatus físico e químico
 - c. Estatus físico, mental e naturalidade
 - d. Estatus mental e natural

- 54. O concepto de autonomía aplicado ao BA débese a:**
- a. Tom Regan
 - b. Gary Francione
 - c. Peter Singer
 - d. Konrad Lorenz
- 55. O enfoque normativo óptimo do BA débese basear en:**
- a. Unha mestura de lexislación e normas voluntarias
 - b. Normas de natureza ética unicamente
 - c. Normas legais e particulares
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 56. A definición do BA do ACAW é:**
- a. O principio das 5 liberdades
 - b. O estado do animal. E a súa avaliación inclúe a consideración da saúde, a conduta e a función biolóxica
 - c. A plena saúde mental e física
 - d. As capacidades de supervivencia e produción
- 57. O FAWC (Farm Animal Welfare Council) define o BA por:**
- a. As 5 liberdades
 - b. As expresións que comprenden os sentimentos subxectivos dos animais, especialmente os da dor e sufrimento
 - c. A plena saúde mental e física
 - d. As capacidades de supervivencia e produción
- 58. A definición do BA do informe Brambell é:**
- a. O estado dun animal capaz de afrontar o ambiente que o rodea
 - b. A aptitude ligada ás emocións e aos sentimentos
 - c. O termo que engloba o bo estado físico e mental dun animal
 - d. A plena saúde mental e física
- 59. A definición do BA de Hurnik, Webster e Siegel é:**
- a. A adaptación doada ao medio como resposta ao estrés
 - b. O bo estado dos animais
 - c. As condicións/estado de harmonía física e psicolóxica entre o corpo e o ambiente
 - d. A vida en liberdade e no seu contorno natural

- 60. A definición do BA de Broom e Johnson é:**
- a. A saúde física e psíquica en relación coas súas capacidades cognitivas
 - b. A vida en liberdade e no seu contorno natural
 - c. A adaptación doada ao medio como resposta ao estrés
 - d. O bo estado dos animais
- 61. A definición do BA de Webster é:**
- a. As 6 liberdades
 - b. O bo estado dos animais
 - c. A vida en liberdade e no seu contorno natural
 - d. Non sufrir fame, sede, incomodidades, medo e enfermidades
- 62. No estrés agudo é un criterio indirecto de valoración:**
- a. O peso relativo do timo
 - b. A tirosina hidroxilasa
 - c. O peso relativo das glándulas adrenais
 - d. A glicosa en plasma
- 63. No estrés agudo é un criterio directo de valoración:**
- a. O nivel de glicosa en plasma
 - b. O ritmo cardíaco
 - c. A presión arterial
 - d. A ACTH en plasma
- 64. No estrés crónico é un criterio indirecto de valoración:**
- a. O peso relativo do timo
 - b. A tirosina hidroxilasa
 - c. A feniletanolamina N-metil tranferasa
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 65. No estrés crónico é un criterio directo de valoración:**
- a. A tirosina hidroxilasa
 - b. A actividade encimática na síntese de catecolaminas
 - c. O ritmo cardíaco
 - d. A presión arterial

- 66. A SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) é:**
- a. Un mecanismo automático
 - b. Un mecanismo estereotipado
 - c. Aparece ante situacións estresantes
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 67. Ante a aparición da SXA (Síndrome Xeral de Adaptación):**
- a. Mobilízanse reservas enerxéticas do organismo
 - b. Involúcranse un conxunto de reaccións inespecíficas
 - c. O organismo fai fronte ás demandas externas
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 68. Son factores estresantes os:**
- a. Axentes etolóxicos
 - b. Axentes físicos e químicos unicamente
 - c. Axentes xenéticos unicamente
 - d. Todas as respostas anteriores son incorrectas
- 69. Na fase de resistencia da SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) ségréganse principalmente:**
- a. Adrenalina
 - b. Corticoides
 - c. Gonadotrofinas
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 70. Non son factores estresantes os:**
- a. Axentes mecánicos
 - b. Axentes físicos e químicos
 - c. Axentes etolóxicos
 - d. Todos os axentes anteriores o son
- 71. O concepto da SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) débese a Seyle e data de:**
- a. 1956
 - b. 1936
 - c. 1948
 - d. 1946

- 72. A concentración de ácido vanilmandélico nos ouriños utilízase para valorar o estrés de forma:**
- a. Directa
 - b. Indirecta
 - c. Excepcional
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 73. Na SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) as proteínas da fase aguda sintetízanse no:**
- a. Fígado
 - b. Sangue
 - c. Cerebro
 - d. Saliva
- 74. A formulación matemática da enfermidade varía en función de:**
- a. A predisposición adquirida
 - b. O axente patóxico
 - c. A predisposición natural
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 75. Un dos problemas na cuantificación do BA é:**
- a. A calibración dos seus indicadores
 - b. A variabilidade debida ás diferenzas individuais
 - c. A fórmula empregada para a cuantificación
 - d. A necesidade de utilizar unha única fonte de datos
- 76. Respecto aos criterios de comportamento para valorar o BA:**
- a. Son moi cuestionados os seus indicadores
 - b. Son pouco cuestionados os seus indicadores
 - c. Son os mellores criterios de elección para valorar o BA
 - d. Apenas se utilizan os ditos criterios
- 77. O “fitness” ou eficacia biolóxica é un concepto:**
- a. Complementario para avaliar o BA
 - b. Baséase na eficacia absoluta unicamente
 - c. Baséase principalmente na eficacia relativa
 - d. Son correctas as respostas “a” e “c”

- 78. O sistema de avaliación do BA e confort máis axeitado para as instalacións é:**
- a. O ergonómico
 - b. O test de preferencia
 - c. A medida de disconfort
 - d. Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 79. Un criterio zootécnico de avaliación do disconfort ou benestar é:**
- a. A vocalización
 - b. O pH muscular
 - c. A mortalidade
 - d. As etoanomalías
- 80. A técnica máis utilizada nos cans relacionada cos tests de preferencia é:**
- a. O condicionamento operativo
 - b. As baseadas na economía de mercado
 - c. O disconfort
 - d. O etograma
- 81. Os parámetros elixidos para a avaliación do BA deben cumprir os criterios de:**
- a. Relevancia para o BA
 - b. Confiabilidade
 - c. Relación coa lexislación aplicable sobre a materia
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 82. O índice ANI de avaliación de benestar tivo a súa orixe en:**
- a. Francia
 - b. Austria
 - c. Inglaterra
 - d. Italia
- 83. No sistema Welfare Quality de valoración do benestar avalíanse:**
- a. Entre 30 e 50 parámetros
 - b. Entre 20 e 50 parámetros
 - c. 12 parámetros e 12 criterios
 - d. 25 parámetros

84. O sistema Welfare Quality clasifica as granxas nos seguintes grupos:

- a. Granxas non clasificadas
- b. Granxas de benestar excelente e bo
- c. Granxas de benestar aceptable
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

85. Que aspectos considera o índice ANI:

- a. Mobilidade e contacto social
- b. Contacto social
- c. Nutrición
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

86. O sistema Welfare Quality consta de:

- a. 12 criterios
- b. 15 criterios
- c. 10 criterios
- d. 20 criterios

87. O sistema Welfare Quality consta de:

- a. 4 principios básicos
- b. 3 principios básicos
- c. 8 principios básicos
- d. 5 principios básicos

88. No sistema Welfare Quality o limiar de excelencia está en:

- a. 80 puntos
- b. 55 puntos
- c. 30 puntos
- d. 20 puntos

89. No sistema Welfare Quality o limiar de aceptable está en:

- a. 15 puntos
- b. 20 puntos
- c. 10 puntos
- d. 5 puntos

- 90. No sistema Welfare Quality a facilidade de movemento englobase no principio de:**
- a.** Comportamento
 - b.** Alimentación
 - c.** Estado sanitario
 - d.** Aloxamento
- 91. Para que especie aínda non desenvolveu o sistema Welfare Quality un sistema de traballo:**
- a.** Pavos
 - b.** Búfalos
 - c.** Porcos cos seus leitóns
 - d.** Vacún de carne

MÓDULO 4

92. O proceso de domesticación produciuse no:
- Neolítico
 - Paleolítico
 - Plistoceno
 - Século I antes de Cristo
93. Dentro dos factores que condicionan a relación home-animal, o temperamento dos animais considérase unha causa:
- Extrínseca
 - Neutra
 - Intrínseca
 - Ningunha resposta das anteriores é correcta
94. Os grupos familiares considéranse unha característica da domesticación:
- Desfavorable
 - Favorable
 - Neutra
 - Ningunha resposta é correcta
95. Que principios se consideran “vínculo” na relación home-animal:
- Seguridade e afinidade
 - Seguridade e intimidade
 - Afinidade e constancia
 - Todas as respostas anteriores das anteriores son correctas
96. Na interacción home-animal, a vixilancia diaria do rabaño é de carácter:
- Positivo
 - Neutro
 - Negativo
 - Ningunha resposta das anteriores é correcta
97. Na teoría dos 4 “IS” na relación home-animal, cal destes conceptos non se formula:
- Inconsideración
 - Incapacidade
 - Ignorancia
 - Inexperiencia

- 98. Dentro da TAA (Terapia Asistida con Animais) é frecuente o tratamento do autismo con:**
- a. Delfíns
 - b. Cans
 - c. Cabalos
 - d. Paxaros
- 99. Segundo Fraser, dentro do comportamento dos animais os territorios clasifícanse en:**
- a. Territorio basal e espazo persoal
 - b. Territorio basal e zona de fuxida
 - c. Zona de seguridade e zona de fuxida
 - d. Zona de fuxida e zona de balance
- 100. A distancia de fuxida encóntrase:**
- a. Fóra da área do espazo social
 - b. Dentro da área do espazo social
 - c. Equidistante da área do espazo social
 - d. A 2 metros do ángulo de visión
- 101. Dentro do comportamento social son moi importantes a nivel olfactivo:**
- a. As vocalizacións
 - b. As feromonas
 - c. As exhibicións
 - d. Os lambidos
- 102. Unha relación de dominancia relativamente estable entre os membros dun grupo de animais denomínase:**
- a. Vocalización
 - b. Xerarquía
 - c. Retroceso
 - d. Vigorosidade
- 103. Son características na xerarquía:**
- a. A dominancia
 - b. A submisión
 - c. Os comportamentos miméticos entre os animais submisos
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas

104. No desenvolvemento da locomoción en mamíferos distínguense de forma xeral:

- a. 5 etapas
- b. 6 etapas
- c. 7 etapas
- d. 8 etapas

105. Nos animais o coidado corporal abrangue:

- a. A termorregulación
- b. A hixiene cutánea
- c. Ambas as dúas respostas anteriores son correctas
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

106. A libido ou impulso sexual do macho depende basicamente de:

- a. A produción de testosterona
- b. A produción de oxitocina
- c. A produción de cortisol
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

107. Durante o sono hai:

- a. Perda da consciencia unicamente
- b. Perda da actividade muscular unicamente
- c. Redución da consciencia e da actividade sensorial
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

108. O comportamento reprodutivo inclúe:

- a. O impulso sexual
- b. O cortexo
- c. A monta e a xestación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

109. A egua ten a época de maior fertilidade en:

- a. Primavera
- b. Verán
- c. Outono
- d. Primavera e outono

110. A ovella e a cabra teñen a época de maior fertilidade en:

- a. Primavera
- b. Verán
- c. Outono
- d. Inverno

111. Os síntomas do celo ou estro son:

- a. Característicos de cada especie
- b. Presentan variacións individuais e estacionais
- c. Ningunha das respostas anteriores é correcta
- d. As respostas "a" e "b" son correctas

112. En xeral, unha femia en celo:

- a. Aumenta o comportamento inxestivo
- b. Incrementa o comportamento locomotor e investigativo
- c. Incrementa o comportamento vocal
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

113. Os comportamentos anómalos varían en función:

- a. Da idade
- b. Da especie
- c. Unicamente das circunstancias ambientais
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

114. As esterotipias son:

- a. Secuencias de movementos involuntarios sen función aparente
- b. Secuencias de movementos repetitivos e invariables
- c. Son correctas as respostas "a" e "b"
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

115. Para algúns autores a "etoloxía" como concepto débese asociar fundamentalmente a:

- a. Animais salvaxes
- b. Animais domésticos
- c. Animais de compañía
- d. Animais de experimentación

116. Nos tests non restrinxidos:

- a. Mídese a distancia de fuxida
- b. Mídese a docilidade
- c. O animal móvese libremente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

117. A herdabilidade do comportamento é:

- a. Moderada
- b. Alta
- c. Moi alta
- d. Moi baixa

118. A herdabilidade do comportamento:

- a. Polo seu valor non se pode incluír nos programas de mellora xenética
- b. Pódese incluír nos programas de mellora xenética de todas as especies
- c. Só se inclúe no caso de bovinos e porcinos
- d. Só se inclúe en aves

119. O antecesor do actual gando vacún é o:

- a. Bos Taurus
- b. Bos Indicus
- c. Uro
- d. Bos Bubalus

120. A distancia á cal un vacún comeza a fuxida dun home ou corpo estraño é a:

- a. Zona de protección
- b. Zona de prevención
- c. Zona de fuga
- d. Zona de alarma

121. No gando vacún ao longo do tempo pódense cambiar as relacións sociais ata nun:

- a. 10%
- b. 20%
- c. 25%
- d. 30%

122. Xeralmente no gando vacún as primíparas:

- a. Teñen unha xerarquía menor no rabaño
- b. Teñen unha xerarquía maior no rabaño
- c. Teñen unha xerarquía igual que o resto de integrantes do rabaño
- d. Quedan fóra da xerarquía

123. Os tipos de xerarquía no gando vacún son:

- a. Xerarquía lineal
- b. Xerarquía bidireccional
- c. Xerarquía completa, incompleta e inmóbil
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

124. O gando vacún que estea pastando libremente pode percorrer ao día uns:

- a. 4 km
- b. 25 km
- c. 35 km
- d. 40 km

125. O gando vacún non pode pastar:

- a. Máis preto de 1 cm do chan
- b. Máis preto de 10 cm do chan
- c. Máis preto de 15 cm do chan
- d. Máis preto de 20 cm do chan

126. No gando vacún o consumo de auga pódese situar en condicións normais sobre o:

- a. 20-25% do seu peso
- b. 15-20% do seu peso
- c. 2-3% do seu peso
- d. 8-10% do seu peso

127. Durante a rumia o gando vacún:

- a. Adoita estar somnolento
- b. Adoita estar moi esperto
- c. Descansa en decúbito esternal
- d. Son correctas as respostas "a" e "c"

128. A rumia ocupa de xeito aproximado:

- a. 1/2 do tempo empregado en pastar
- b. 3/4 do tempo empregado en pastar
- c. 1/4 do tempo empregado en pastar
- d. 1/3 do tempo empregado en pastar

129. Nos seus períodos de descanso os bovinos son:

- a. Polifásicos
- b. Trifásicos
- c. Dormen de pé
- d. Difásicos

130. Dentro dos comportamentos anormais no gando vacún encóntrase:

- a. O enrolamento da lingua no gando leiteiro
- b. O autolambido nos becerros
- c. Son correctas as respostas "a" e "b"
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

131. Nun rabaño a máxima distancia de dispersión que mantén a cohesión do grupo é:

- a. A distancia individual
- b. A distancia social
- c. A distancia de fuxida
- d. Distancia de alarma

132. Considéranse animais gregarios:

- a. As especies con distancias sociais e individuais curtas
- b. As especies con distancias sociais longas e individuais curtas
- c. As especies con distancias sociais e individuais longas
- d. As especies con distancia social longa e de fuxida curta

133. Elix a resposta correcta:

- a. O gando ovino ten unha marcada actividade alelomimética
- b. O gando caprino ten unha marcada actividade alelomimética
- c. O gando ovino e caprino non vocaliza en ningunha circunstancia
- d. O gando caprino é pouco independente

134. Elix a resposta correcta:

- a. A coexistencia de machos ovinos e caprinos é factible nun rabaño
- b. A coexistencia non é factible pola competencia entre eles en época de celo
- c. Os machos de ovino e caprino teñen comportamentos agonísticos que impiden a súa convivencia
- d. Nunca debe haber máis dun macho adulto nun rabaño, xa sexa de ovino ou caprino

135. A inxerir alimentos as ovellas e cabras:

- a. Dedícanlles menos de 1/3 do día
- b. Dedícanlles máis de 1/3 do día
- c. Evitan o pastoreo nocturno
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

136. As ovellas:

- a. Prefiren as leguminosas ás gramíneas
- b. Prefiren as gramíneas ás leguminosas
- c. Non teñen preferencia por gramíneas ou leguminosas
- d. Beben un 90% do seu peso ao día

137. As cabras:

- a. Prefiren inxerir follas de arbustos a pastar
- b. Prefiren pastar a inxerir follas de arbustos
- c. Rumian entre 8-10 horas diarias
- d. A "a" e "c" son respostas correctas

138. As cabras poden responder a receptores de sabores:

- a. Doce
- b. Salgado
- c. Ácido e amargo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

139. O animal doméstico que menos dorme é a:

- a. Ovella
- b. Vaca
- c. Porco
- d. Cabra

140. Son comportamentos maternais anormais na ovella:

- a. O afillamento
- b. O abandono maternal
- c. O ataque aos años
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

141. O sentido máis importante no gando porcino é:

- a. A vista
- b. O oído
- c. O olfacto
- d. O tacto

142. A primeira xeraquización no gando porcino instáurase en:

- a. A adolescencia
- b. O parto
- c. O nacemento a partir das 4 horas de vida
- d. O nacemento á primeira hora de vida

143. O porcino que marca o territorio, de carácter tranquilo e non compite, considérase:

- a. Dominante adulto
- b. Líder
- c. Subordinado
- d. Complementario

144. Respecto das situacións de conflito entre gando porcino:

- a. Realízanse unicamente con contacto físico
- b. Realízanse unicamente sen contacto físico
- c. As femias teñen maior tendencia a pelexar que os machos
- d. Realízanse con contacto ou sen contacto físico

145. O anelado dos fociños nas explotacións porcinas extensivas:

- a. Non impide o comportamento exploratorio
- b. É unha práctica habitual para evitar lesións entre os animais
- c. É recomendable e moi usado na actualidade
- d. Todas as respostas son falsas

146. Os sistemas de enriquecementos ambiental no gando porcino:

- a. Deben de satisfacer a curiosidade
- b. Non son obrigatorios segundo a normativa vixente, aínda que si recomendables
- c. Deben de satisfacer o comportamento investigador
- d. As respostas "a" e "c" son correctas

147. O comportamento alimentario en porcos:

- a. Está claramente ligado ao impulso exploratorio de fozar
- b. Non está claramente ligado ao impulso exploratorio de fozar
- c. Inclúe a selección de comida
- d. Son correctas as respostas "a" e "c"

148. A conduta de inxestión dos porcos está condicionada por:

- a. O tamaño e relación dos grupos
- b. A cantidade e forma física do alimento
- c. A dispoñibilidade do comedero
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

149. Nos porcos a visión doutros animais comendo:

- a. Estimula o apetito
- b. Non estimula o apetito
- c. Só afecta os animais dominantes
- d. Só afecta os machos

150. Respecto do comportamento do gando porcino:

- a. Ten hábitos moi limpos
- b. Busca nas condicións normais lugares específicos para defecar
- c. Prefire descansar nunha zona seca e escura
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

151. Os porcos:

- a. Carecen de glándulas sudoríparas
- b. Son incapaces de arquexar con intensidade
- c. Teñen glándulas sudoríparas e poden arquexar
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

152. O porco dedica a descansar o:

- a. 75% do día
- b. 90% do día
- c. 15% do día
- d. 20% do día

153. Respecto ao comportamento sexual e reprodutor do gando porcino:

- a. A porca é poliéstrica continua cada 21 días
- b. O celo dura 3 días
- c. O macho adoita ser proceptivo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

154. No gando porcino o macho:

- a. Cortexa as porcas tanto no estro coma no anestro
- b. Cortexa as porcas só no anestro
- c. Cortexa as porcas só no estro
- d. Cortexa as porcas cando detecta a emisión de feromonas

155. A xestación na porca ten unha duración de:

- a. 2 meses, 2 semanas e 2 días
- b. 1 mes, 1 semana e 3 días
- c. 3 meses, 3 semanas e 3 días
- d. 9 meses

156. No porcino, na busca e construción do niño distínguense:

- a. Dúas fases (busca e preparación)
- b. 1 fase (acondicionamento)
- c. 3 fases (busca, preparación e acondicionamento)
- d. 4 fases (busca, preparación, construción e acondicionamento)

157. O parto dunha porca xeralmente:

- a. Dura entre 2-6 horas e 20 minutos por leitón
- b. Pode provocar indixestións e estrinximentos
- c. Ten lugar pola tarde e noite
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

158. O gruñido de chamada dos porcos no aleitamento:

- a. Repítese a intervalos de 2 segundos durante 1 minuto
- b. Repítese a intervalos de 5 segundos durante 1 minuto
- c. Repítese a intervalos de 3 segundos durante 2 minutos
- d. Non se repite, e só o adoita realizar unha vez

159. Os leitóns:

- a. Comezan a independendizarse a partir do mes de vida
- b. Son totalmente independentes a partir das 8-10 semanas de vida
- c. Son totalmente independentes a partir das 2 semanas de vida
- d. Son correctas as respostas "a " e "b"

160. O canibalismo en porcas é máis común:

- a. En porcas primíparas e nerviosas
- b. En porcas tranquilas
- c. En porcas de raza Pietrain
- d. En porcas de desvelle

161. O canibalismo vese agravado por:

- a. O apetito polo sal
- b. A atracción polo sangue
- c. Polo mimetismo entre animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

162. A histeria post-parto afecta:

- a. As porcas novatas
- b. As porcas de desvelle
- c. As porcas criadas en intensivo
- d. As porcas de raza Pietrain unicamente

163. A polidipsia nerviosa en porcino pode estar determinada por:

- a. Deficiencias nutricionais
- b. Aberracións do gusto
- c. Deficiencias nos aloxamentos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

164. Respecto ao comportamento social das aves:

- a. É sofisticado
- b. É xerarquizado
- c. A dominancia está relacionada coa idade e o sexo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

165. Respecto ás aves:

- a. Poden recoñecer ata 100 individuos
- b. Teñen máis de 30 tipos diferentes de vocalizacións
- c. Unicamente vocalizan ante perigos
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

166. A chamada das galiñas poñedoras denomínase:

- a. Galken
- b. Keeling
- c. Dutch
- d. Spring

167. As aves prefiren para descansar:

- a. As perchas en horario nocturno
- b. As tardes
- c. Cando teñen apetito
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

168. As manifestacións cinéticas do comportamento do galo son:

- a. 7
- b. 6
- c. 5
- d. 4

169. As aves teñen un apetito específico polo:

- a. Sodio
- b. Calcio
- c. Cobre
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

170. As aves dedican ao comportamento alimentario, cinético e exploratorio o:

- a. 40% do día
- b. 50% do día
- c. 60% do día
- d. 90% do día

171. Os pitos aprenden a elixir a comida por:

- a. Chamadas de alimento delicioso
- b. Método ensaio-erro
- c. Por ter un sentido do oído excepcional
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

172. Nas aves, a glándula uropixial:

- a. Encóntrase próxima á base da cola
- b. Permite manter as plumas flexibles
- c. Produce aceite e ceras
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

173. A posta ou expulsión do ovo dura xeralmente:

- a. 1-2 horas
- b. 3-5 horas
- c. 10 minutos
- d. 20 minutos

174. Nas aves, no 25% das especies:

- a. A femia incuba soa
- b. Incuba o macho
- c. Altéranse ao 50%
- d. Teñen "parches de incubación"

175. Os ovos para incubarse teñen que estar a unha T^a de:

- a. 37-38°C
- b. 50°C
- c. 15-20°C
- d. 15°C durante 1 mes

176. Os pitos son capaces de manter a súa temperatura corporal por eles mesmos aproximadamente:

- a. As 3 primeiras semanas de vida
- b. A 1ª semana de vida
- c. O 1º mes
- d. Os 2 primeiros meses

177. O canibalismo nas aves poñedoras relaciónase coa:

- a. Elevada densidade de animais
- b. Estrés
- c. Escaseza de alimentos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

178. A inactividade como comportamento anormal:

- a. É típica nas aves de cebo
- b. É típica nos broilers e pavos con dificultades para andar
- c. É típica de ratites
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

179. O coello é:

- a. Moi sensible ás condicións ambientais intensivas
- b. Pouco sensible ás condicións ambientais intensivas
- c. Presenta ovulación inducida e cecotrofia
- d. Son correctas as respostas "a" e "c"

180. Os coellos son:

- a. Animais gregarios unicamente
- b. Animais territoriais unicamente
- c. Animais territoriais e gregarios
- d. Pouco xerárquicos

181. Os cazapos nunha camada:

- a. Teñen comportamento imitativo
- b. Nunca comen á vez
- c. Nunca beben á vez
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

182. Os coellos machos:

- a. Sempre se enfrontan coas femias
- b. Rara vez se enfrontan ás femias
- c. Non adoitan enfrontarse entre eles
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

183. Nas pelexas entre femias, as zonas máis atacadas son:

- a. A cabeza unicamente
- b. As orellas e ollos
- c. A cabeza e zonas traseiras
- d. O fociño

184. A cecotrofia:

- a. Permite o aproveitamento de vitaminas hidrosolubles
- b. Permite a percepción nocturna
- c. Os coellos non a realizan
- d. Unicamente se dá en cazapos

185. Nos coellos:

- a. As feces brandas excrétanse durante o día
- b. As feces brandas excrétanse durante a noite
- c. As feces duras excrétanse durante o día
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

186. Os cecotrofos:

- a. Teñen aspecto xelatinoso
- b. Están recubertos de mucosidade
- c. Cómense tan axiña como son excretados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

187. A xestación dunha coella dura entre:

- a. 28-30 días
- b. 15-24 días
- c. 24-45 días
- d. 21 días

188. Os cazapos nacen:

- a. Cegos
- b. Sen pelo
- c. Inmunoloxicamente indefensos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

189. A hipoquinesia é frecuente:

- a. En coellos en extensivo
- b. En gaiolas enriquecidas
- c. En gaiolas onde se impide un comportamento exploratorio
- d. Todas as respostas anteriores son verdadeiras

MÓDULO 5

190. As 5 liberdades da FAWC:

- a. Non se aplican nos peixes
- b. Aplícanse unicamente 4 nos peixes
- c. Aplícanse nas granxas en terra pero non nos viveiros flotantes
- d. Aplícanse nos peixes

191. Nos peixes o xaxún de curta duración:

- a. É moi estresante
- b. Provoca situacións metabólicas adversas
- c. Pódese aplicar sen problemas
- d. Provoca diminución de crecemento durante o transporte

192. Segundo a normativa vixente nas granxas de peixes, os animais débense inspeccionar:

- a. 2 veces ao día como mínimo
- b. 1 vez ao día como mínimo
- c. Nunca
- d. Sempre coa folla da manda

193. Nas explotacións de peixes a excesiva densidade:

- a. Sempre é motivo de estrés
- b. Nunca é motivo de estrés
- c. Non sempre é motivo de estrés
- d. Unicamente se terá en consideración no cultivo do atún

194. Nas instalacións de robaliza e dourada non se deben de superar:

- a. Os 35-40 Kg/m³ de carga final
- b. Os 25-30 Kg/m³ de carga final
- c. Os 5-10 Kg/m³ de carga final
- d. Os 10-15 Kg/m³ de carga final

195. Nos peixes a extracción de ovas ou esperma débese levar a cabo:

- a. Por persoas competentes
- b. Mediante o uso de sedación e nunca anestésicos
- c. Mediante o uso de anestésicos e nunca de sedación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

- 196. De acordo coa normativa vixente, a documentación sanitaria necesaria para o transporte de peixes é:**
- a. O permiso de inmersión
 - b. O documento para transporte de peixes vivos
 - c. O certificado de inspección previa emitido polo veterinario da empresa ou ADSC
 - d. O certificado sanitario
- 197. Antes do transporte de peixes recoméndase un xaxún de:**
- a. 2- 5 días
 - b. 1/2 día
 - c. 1-2 días
 - d. 3-5 días
- 198. O dispositivo coñecido como “iki-jime” é:**
- a. Un percusor en forma de martelo
 - b. Un arpón eléctrico
 - c. Unha caravilla perforadora
 - d. Unha bala específica para o sacrificio de peixes
- 199. Na explotación de peixes permítese:**
- a. A colocación de peixes vivos en xeo ou auga xeadada en calquera situación
 - b. A mutilación dos peixes sempre
 - c. A medicación continuada se é a través da auga
 - d. Todas as respostas anteriores son falsas
- 200. Para ovos eclosionados e os peixes acabados de nacer, permítese o sacrificio sanitario por:**
- a. Decapitación con guillotina sen anestesia
 - b. Decapitación con guillotina previa anestesia
 - c. Hidrocloruro de benzocaína son sulfato de metilo
 - d. Trituración con coitelas ou protuberancias rotativas
- 201. A definición de animais de compañía segundo a CAWC é:**
- a. Animais que viven no fogar
 - b. Animais cuxa orientación produtiva é dar afecto ás persoas
 - c. Animais que viven no fogar ou que acompañan as persoas
 - d. Animais domésticos ou salvaxes en catividade que conviven coas persoas no fogar

202. Segundo Odendaal, o benestar animal nos animais de compañía débese valorar tendo en conta:

- a. O compoñente animal e o compoñente humano
- b. O compoñente fisiolóxico e o compoñente etolóxico
- c. O compoñente principal e o compoñente complementario
- d. O compoñente obxectivo e o compoñente subxectivo

203. Na valoración do BA nos animais de compañía o espazo é unha parte do compoñente:

- a. Etolóxico
- b. Humano
- c. Complementario
- d. Obxectivo

204. Na valoración do BA nos animais de compañía estúdanse 2 tipos de coidados humanos:

- a. Básicos e especializados
- b. Básicos e interespecíficos
- c. Xenéricos e interespecíficos
- d. Obrigatorios e voluntarios

205. Son síntoma de estrés nun can:

- a. Posición corporal moi baixa
- b. Vocalizacións excesivas
- c. Arquexos sen causa aparente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

206. Nos cans o camiñar incesante de arriba a abaixo ao longo ou arredor dos recintos denomínase:

- a. Scanning
- b. Keeling
- c. Pacing
- d. Walking

207. En Europa calcúlase que a porcentaxe de gatos que nunca saen de casa ao exterior é do:

- a. 20%
- b. 40%
- c. 50%
- d. 10%

208. Os gatos que presentan maior estrés ou inhibición son:

- a. Os de respostas activas
- b. Os de respostas pasivas
- c. Os de repostas variables
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

209. Respecto do enriquecemento ambiental nos animais exóticos:

- a. Debe aplicalo principalmente o dono ou cuidador do animal
- b. Non resolve os problemas de estrés nestes animais
- c. Adoita ser máis complexo que nos animais domésticos
- d. Son correctas as respostas "a" e "c"

210. O enriquecemento ambiental nos animais de compañía:

- a. Sempre debe ser animado no caso dos gatos
- b. Sempre debe ser inanimado no caso dos cans
- c. Pode ser animado ou inanimado en cans e gatos
- d. Non resulta necesario no caso de cans e gatos

211. A directiva 2010/63/UE relativa á protección dos animais destinados a fins experimentais entrará en vigor a partir do:

- a. 01/01/2013
- b. 31/12/2012
- c. 01/01/2014
- d. 01/01/2015

212. Nos animais dedicados á experimentación, a persoa que decide o final dun procedemento se un animal se sacrifica ou non é:

- a. O persoal da categoría C
- b. O persoal da categoría B
- c. O persoal da categoría A
- d. O persoal da categoría D (D2)

213. Os centros de experimentación animal dispoñerán dun especialista en:

- a. Benestar animal
- b. Saúde animal
- c. Asesoría xurídica (normativa no BA)
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

214. Aos ratos gústalles vivir:

- a. En grupos de gran tamaño
- b. En grupos de pequeno tamaño
- c. De forma individual ou en parella
- d. De forma individual sempre que sexan en gaiolas enriquecidas

215. O xerbo é:

- a. Monógamo
- b. Polígamo
- c. Poliándrico
- d. Promiscuo

216. Son elementos de enriquecemento ambiental para os animais de experimentación:

- a. Os dispositivos artificiais
- b. As actividades en busca de alimentos
- c. Os conxéneres sociais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

217. Un animal convencional agnotobiótico necesita:

- a. Encontrarse nunha zona protexida
- b. Illado
- c. Sedado
- d. Non necesita ningunha precaución particular

218. Considéranse signos de dor determinadas vocalizacións como:

- a. Os berros
- b. Os laios
- c. Os gruñidos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

219. O método de Morton e Griffiths para determinar o sufrimento contempla como variables:

- a. O peso corporal
- b. O comportamento agonista
- c. A invasividade
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

220. A midriase e os berros son signos da dor que se consideran:

- a.** Alteracións vexetativas as dúas
- b.** Vocalizacións as dúas
- c.** Alteración vexetativa e vocalización respectivamente
- d.** Ningunha das respostas anteriores é correcta

MÓDULO 6

221. Os sistemas de produción actuais deben considerar:

- a. O beneficio para a sociedade
- b. Rendibilidade para os granxeiros
- c. Calidade de vida dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

222. A maior parte das recomendacións de perfeccionamento do BA supoñen:

- a. Cambios no deseño das instalacións
- b. Cambios nas prácticas de manexo
- c. Adaptación dos sistemas de produción ás necesidades dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

223. Os problemas na mellora do BA son:

- a. Aumentos nos custos de produción
- b. Aspectos inevitables na cadea de produción (transporte, carga, etc.)
- c. Consideracións éticas (aspectos sociais da produción animal)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

224. Segundo a UE, os actuais piares da gandaría europea son:

- a. A seguridade alimentaria e o BA
- b. A saúde ambiental/animal e o desenvolvemento sustentable
- c. Os criterios marcados pola OMC (Organización Mundial do Comercio)
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

225. A redución do estrés animal na cría e cebo permite:

- a. Reducir os gastos sanitarios
- b. Reducir a carga fiscal
- c. Aumentar o estrés no transporte
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

226. No gando bovino o factor máis estresante en produción animal é:

- a. O transporte
- b. A privación de auga en intervalos curtos de tempo
- c. A privación de comida en intervalos curtos de tempo
- d. Todas as respostas anteriores son igual de estresantes

227. O rango de temperatura a partir do cal se produce nos animais un grande estrés é:

- a. 20°C
- b. 15°C
- c. 25°C
- d. 30°C

228. Unha excesiva densidade nas granxas de polos provoca un aumento de:

- a. As lesións plantares
- b. O índice de conversión
- c. O crecemento
- d. A calidade dos polos

229. O gas que provoca máis alteracións respiratorias nas granxas de polos é o:

- a. CO₂ (dióxido de carbono)
- b. Neon
- c. NH₃ (amoníaco)
- d. CO (monóxido de carbono)

230. Entre os principios básicos da gandaría ecolóxica encóntrase:

- a. O BA
- b. O desenvolvemento social e lexislativo
- c. A soberanía alimentaria universal
- d. O aumento nos índices de conversión

231. Cal dos seguintes principios non se considera na triloxía ecolóxica:

- a. A conservación da biodiversidade
- b. A protección do medio natural
- c. A busca de prezos competitivos
- d. O mantemento da saúde do rabaño

232. A actual normativa europea sobre produción e etiquetaxe de produtos ecolóxicos é:

- a. O Regulamento CE 35/2007
- b. O Regulamento CE 834/2007
- c. A Directiva CE 1/2005
- d. O Regulamento CE 237/2009

233. A actual normativa europea sobre produción ecolóxica contempla:

- a. A necesidade de realizar controis de verificación da lexislación
- b. A necesidade de controlar o manexo
- c. O control das normas relativas á saúde
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

234. A gandaría ecolóxica promove:

- a. O fomento de razas foráneas
- b. A utilización de recursos alleos a cada granxa
- c. A utilización de medicamentos de forma preventiva
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

235. A gandaría ecolóxica:

- a. Asegura un alto grao do BA *per se*
- b. Non asegura un alto grao do BA *per se*
- c. Non asegura os niveis máximos de seguridade dos produtos *per se*
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

236. En relación coa gandaría ecolóxica e o BA non se considera o principio de:

- a. Ámbito axeitado
- b. Correcta alimentación
- c. Comportamento anómalo
- d. Correcto estándar de saúde

237. O encadre da produción animal ecolóxica dentro do contexto xeral facilítase:

- a. Na produción intensiva
- b. Na produción semi-extensiva
- c. Na produción extensiva
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

238. A Organización Internacional de Agricultura Ecolóxica coñécese polas siglas:

- a. IFOAM
- b. OIAE
- c. EAIO
- d. INTERECO

239. Segundo os datos do eurobarómetro do ano 2005, sobre os hábitos de consumo europeos:

- a. O 80% dos consumidores fíxanse na etiqueta para tomar decisións de compra
- b. O 50% queren sistemas de clasificación respecto do BA
- c. O 90% quere mencións na etiqueta sobre o BA
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

240. Segundo a enquisa Welfare Quality sobre o BA:

- a. Os españois son os europeos máis preocupados polo BA
- b. Os españois pensan que o máis importante é o papel do consumidor orientando o mercado
- c. Os portugueses non teñen predisposición pola etiquetaxe
- d. Os escandinavos consideran o BA un problema con solución política

241. A sociedade europea respecto ao BA:

- a. Víveo de forma diferente dende os ámbitos rural e urbano
- b. Non está moi informada das prácticas gandeiras
- c. Non valora o BA en todas as especies por igual
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

242. A sociedade europea respecto ao BA:

- a. Esixe información e controis sobre as condicións de vida dos animais
- b. Ten patróns moi diferentes de consumo de carne
- c. As 2 respostas anteriores son correctas
- d. A menor nivel cultural, hai maior preocupación polo tema do BA

243. De acordo coa normativa europea, as corridas de touros:

- a. Son legais sempre
- b. Son ilegais sempre
- c. Están amparadas polo Tratado de Ámsterdam
- d. Non están contempladas pola normativa europea

244. Entre os retos de futuro do BA en Europa está:

- a. A enxeñaría xenética
- b. As corridas de touros
- c. O estatus dos simios
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

245. A instauración da política agraria común arranca dende:

- a. O Tratado de Roma
- b. O Tratado de París
- c. O Tratado de Maastricht
- d. O Tratado de Ámsterdam

246. Historicamente o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA) tiña dúas seccións:

- a. Garantía e reordenación
- b. Garantía e orientación
- c. Garantía e prevención
- d. Garantía e preferencia

247. Son principios da PAC:

- a. A solidariedade financeira e a unidade de mercado
- b. O mercado das OCM
- c. A preferencia nacional e rexional
- d. A solidariedade da OMC

248. A PAC entrou en vigor no ano:

- a. 1962
- b. 1963
- c. 1964
- d. 1965

249. A reforma da PAC de 1992 supuxo:

- a. O aumento dos prezos agrícolas pola actuación das OCM
- b. A compensación con axudas directas
- c. A compensación por caixa común e tenteo directo
- d. O aumento dos contratos fiscais

250. A partir da axenda 2000, a agricultura europea formúlase como unha actividade:

- a. En conflito coa sostibilidade
- b. Con falta de competitividade
- c. Sostible e competitiva
- d. As respostas "a" e "b" son correctas

251. A reforma da PAC de 2003 introduce:

- a. O pagamento único por explotación (desacoplamento)
- b. A condicionalidade
- c. A modulación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

252. A reforma da PAC de 2003 establece a disciplina financeira do orzamento agrícola ata o ano:

- a. 2012
- b. 2013
- c. 2014
- d. 2015

253. A obriga de cumprimento dun conxunto de requisitos de seguridade alimentaria, ambientais e do BA denomínase:

- a. Condicionalidade
- b. MARM
- c. Desacoplamento
- d. Ningunha resposta das anteriores é correcta

254. Entre os piares básicos da condicionalidade están:

- a. Os requisitos legais de xestión
- b. As boas condicións agrarias e ambientais
- c. As 2 respostas anteriores son correctas
- d. Ningunha resposta é correcta

255. A condicionalidade no ámbito do BA comprende dende o ano 2010:

- a. 58 puntos
- b. 60 puntos
- c. 62 puntos
- d. 65 puntos

256. Os incumprimentos da condicionalidade segundo a normativa clasifícanse en:

- a. Intencionados e non intencionados
- b. Intencionados e negligencias
- c. Intencionados e faltas graves
- d. Intencionados e de infracción dolosa

257. Os incumprimentos na condicionalidade avalíanse en función de:

- a. 4 criterios
- b. 2 criterios
- c. 5 criterios
- d. 3 criterios

258. A redución de pagamentos directos por unha negligencia está nun rango entre o:

- a. 5% e o 15%
- b. 5% e o 10%
- c. 5% e o 20%
- d. As negligencias non supoñen redución dos pagamentos directos

259. Os becerros deben manterse en grupos se superan as 8 semanas de idade salvo que:

- a. Un veterinario certifique que o becerro se debe manter illado
- b. Sexa unha granxa con menos de 6 becerros
- c. Os animais acompañen a súa nai para ser aleitados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

260. Os aloxamentos individuais para becerros:

- a. Deberán ter tabiques perforados e permitirlles contacto visual e táctil
- b. Deberán ter tabiques lisos non perforados
- c. Non fai falla que exista contacto visual
- d. Non fai falla que exista contacto táctil

261. Os becerros recibirán costro:

- a. Sempre antes das 10 primeiras horas de vida
- b. Non é obrigatorio que reciban costro
- c. Sempre antes das 6 primeiras horas de vida
- d. O costro terá obrigatoriamente que estar pasteurizado

262. Aos becerros pódeseles poñer bozo:

- a. Sempre
- b. Nunca
- c. Só nas explotacións extensivas
- d. Só nas explotacións intensivas

263. Os becerros estabulados inspecciónanse:

- a. 1 vez ao día
- b. 2 veces ao día
- c. 3 veces ao día
- d. Cando o gandeiro o crea oportuno

264. Os chans nas cortes de becerros:

- a. Non serán ásperos
- b. Poderanse limpar sen dificultade
- c. Poderanse desinfectar adecuadamente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

265. Os becerros recibirán polo menos:

- a. 3 racións diarias de alimentos
- b. 5 racións diarias de alimentos
- c. 6 racións diarias de alimentos
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

266. No gando porcino:

- a. Os porcos estarán atados
- b. Os porcos non estarán atados
- c. Os porcos estarán inmobilizados con traba
- d. Ningunha resposta das anteriores é correcta

267. Nos chans engredados de formigón para os leitóns, a anchura das aberturas non superará os:

- a. 16 mm
- b. 12 mm
- c. 11 mm
- d. 10 mm

268. Nos chans engredados de formigón para os leitóns destetados, a anchura das aberturas non superará os:

- a. 14 mm
- b. 16 mm
- c. 18 mm
- d. 20 mm

269. No interior das granxas porcinas o ruído non debe superar os:

- a. 100 dBe
- b. 80 dBe
- c. 85 dBe
- d. 90 dBe

270. Nas granxas porcinas os animais disporán de polo menos ao día de:

- a. 8 horas de luz con intensidade mínima de 45 lux
- b. 10 horas de luz con intensidade mínima de 80 lux
- c. 10 horas de luz con intensidade mínima de 30 lux
- d. 8 horas de luz con intensidade mínima de 40 lux

271. Os porcos alimentados en grupo:

- a. Terán acceso simultáneo aos alimentos sempre
- b. Terán acceso simultáneo aos alimentos unha vez ao día como mínimo
- c. Comerán polo menos 1 vez ao día
- d. Son correctas as respostas "a" e "c"

272. No gando porcino respecto do raboteo e a redución de dentes:

- a. Realizarase de forma rutineira
- b. Non fai falla anestesia ou sedación
- c. Realizarase por capadores titulados
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

273. A castración en verróns:

- a. Pode ser con esgazadura sempre que existan condicións sanitarias axeitadas
- b. Pode realizarse por capadores debidamente formados a partir do 7º día de vida
- c. Debe realizarse con anestesia e analxesia adecuada a partir do 7º día de vida
- d. Debe realizala un veterinario en todos os casos

274. As celas dos verróns permitirán:

- a. Ulirse
- b. Verse
- c. Oírse
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

275. A superficie do chan para os leitóns permitíralles:

- a. Deitarse e tombarse á vez
- b. A superficie deberá ser sólida
- c. A superficie contará con material de protección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

276. Aínda que existe algunha excepción, os leitóns xeralmente só se poderán destetar con:

- a. 4 semanas ou máis
- b. 6 semanas ou máis
- c. 8 semanas ou máis
- d. 10 semanas ou máis

277. Respecto á cría de porcos de cebo, o uso de tranquilizantes permítese:

- a. De forma xeneralizada
- b. Só logo da consulta ao veterinario
- c. De forma excepcional
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

278. Os gandeiros deberán sistematicamente:

- a. Anotar os animais mortos
- b. Anotar os medicamentos veterinarios usados
- c. Manter os rexistros anteriores polo menos 3 anos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

279. Nas instalacións gandeiras deberase controlar:

- a. A ventilación e o nivel de po
- b. A temperatura
- c. A humidade relativa do aire e a concentración de gases
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

280. O primeiro plan de acción comunitario da UE (Unión Europea) para o BA comezou no ano:

- a. 2009
- b. 2006
- c. 2007
- d. 2008

281. A nova estratexia da UE para a sanidade animal abrangue o período:

- a. 2007-2013
- b. 2007-2014
- c. 2007-2015
- d. 2003-2013

282. Entre os ámbitos de acción do programa de acción comunitaria do BA non se encontra:

- a. Promover a investigación
- b. Introducir indicadores estandarizados do BA
- c. Introducir as normas do IFOAM respecto á gandaría ecolóxica
- d. Mellorar a información aos profesionais e ao público en xeral

283. A elaboración de guías de boas prácticas do BA:

- a. É unha actividade propia da OMC en colaboración coa OIE
- b. É unha actividade que cómpre promover polas autoridades competentes europeas
- c. Non é necesario a nivel europeo
- d. Limitase unicamente á experimentación animal

284. A UE considera os animais:

- a. Seres sensibles, que senten e padecen
- b. Seres animados
- c. Seres inanimados que padecen
- d. Exentos de lexislación

285. Que organización non traballa no ámbito do BA en Europa

- a. OMC
- b. EFSA
- c. ECVAM
- d. EAAP

286. A EFSA traballa no BA:

- a. Asesorando a organismos e estados europeos
- b. Mediante o panel AHAW
- c. Promovendo a seguridade alimentaria
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

287. Os aspectos socioeconómicos do BA estúdanse en Europa mediante o proxecto:

- a. Catra
- b. Cost
- c. Freedom
- d. Econwelfare

288. Entre as especificacións sobre o BA na etiquetaxe encóntrase o:

- a. Welfare Quality
- b. Cost
- c. IXP
- d. Freedom Food

289. Considérase que o valor engadido do BA débese a:

- a. Ser un elemento da agricultura sostible
- b. Ser un elemento que non esgota as reservas
- c. Crear oportunidades empresariais e aumentar os rendementos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

MÓDULO 7

- 290. Na actualidade o comercio ilegal de animais silvestres, entre as actividades ilícitas, ocupa a nivel mundial o:**
- a. O primeiro posto
 - b. O segundo posto
 - c. O terceiro posto
 - d. Non existen datos, aínda que se pensa que está entre as máis importantes
- 291. En xeral, os animais salvaxes ou silvestres:**
- a. Pódense domesticar
 - b. Pódense amansar
 - c. Pódense mascotizar
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 292. Calcúlase que a porcentaxe de animais salvaxes que morren durante o transporte dende a orixe ao seu destino é aproximadamente do:**
- a. 5%
 - b. 9%
 - c. 10%
 - d. 15%
- 293. Os animais salvaxes máis traficados son por esta orde:**
- a. Aves, réptiles e mamíferos
 - b. Réptiles, aves e mamíferos
 - c. Mamíferos, aves e réptiles
 - d. Réptiles, mamíferos e aves
- 294. Para a captura de aves salvaxes utilízanse comunmente:**
- a. Trampeiras e estopas
 - b. Sarandas e bao-bac
 - c. Trampeiras, sarandas e pega-pegas
 - d. Estopas
- 295. Calcúlase que a nivel mundial acontecen desastres que afectan os animais:**
- a. Cada mes
 - b. Cada 2 meses
 - c. Cada semana
 - d. Cada ano

- 296. Segundo a FAO dentro das comunidades humanas os animais saudables son parte integral de:**
- a. Traballos e economía
 - b. Seguridade física e saúde
 - c. Cultura e seguridade alimentaria
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 297. Os plans de actuación ante as catástrofes perseguen:**
- a. Que os animais non sexan unha ameaza para a saúde pública
 - b. Que os animais non provoquen danos ás persoas
 - c. Proporcionar aos propietarios estándares de actuación ante as catástrofes
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 298. A preparación previa ante os desastres, segundo a AVMA, inclúe:**
- a. Estar familiarizado cos posibles desastres naturais da zona
 - b. Realizar simulacros
 - c. Traballar cos animais dos zoolóxicos
 - d. Son correctas as respostas "a" e "b"
- 299. Entre as recomendacións da AVMA, para preparar un plan de continxencias ante os desastres está o:**
- a. Ter preto do teléfono instrucións claras para dar a nosa situación a outras persoas
 - b. Manter os vehículos listos e con combustible abondo
 - c. Levar diñeiro abondo en efectivo
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 300. No caso dun desastre natural se non podemos evacuar os animais, non se recomenda:**
- a. Deixar os animais dentro dun vehículo
 - b. Colocar adhesivos ou carteis no exterior da vivenda
 - c. Indicar a situación dun kit de emerxencia se o houbese
 - d. Identificar os animais
- 301. Despois do desastre recoméndase:**
- a. Identificar a presenza de obxectos inciso-punzantes
 - b. Identificar a presenza de auga contaminada
 - c. Deixar soltos dentro do fogar os cans, gatos, etc
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas

- 302. A consciencia dun animal apréciase na súa capacidade de:**
- a. Sentir emocións
 - b. Controlar a súa mobilidade voluntaria
 - c. Recoñecer o seu dono
 - d. En todas as respostas anteriores pódese apreciar a consciencia
- 303. Cal dos seguintes animais é apto para o transporte segundo o Regulamento 1/2005:**
- a. Un animal con prolapso
 - b. Unha femia preñada nun 80% da súa xestación
 - c. Un leitón de 2 semanas de vida para un transporte de 150 km de distancia
 - d. Ningún animal dos anteriores pode ser transportado
- 304. A Directiva 86/609/CEE permite o traslado de animais cando:**
- a. Estén enfermos ou feridos, ou formen parte dun programa de investigación
 - b. Sexan équidos rexistrados acompañados dos seus donos
 - c. Sexan animais lactantes acompañados das súas nais
 - d. Todas as respostas anteriores con correctas
- 305. Para o transporte dun animal para un sacrificio de urxencia no matadoiro esixírase:**
- a. A GOSP (Guía de Orixe e Sanidade Vexetal) unicamente
 - b. A declaración do responsable do animal e do veterinario
 - c. O documento de información da cadea alimentaria unicamente
 - d. O sacrificio de urxencia só se permite na explotación
- 306. Dentro do procedemento de actuación ante un sacrificio de urxencia con destino ao matadoiro, a declaración do veterinario constará de:**
- a. Os datos do animal
 - b. A inspección antemortem e datos da explotación
 - c. A declaración previa do titular da explotación
 - d. Son correctas as respostas "a" e "b"
- 307. O Regulamento (CE) n.º 1095/2009 relativo á protección dos animais no momento da matanza:**
- a. Aplicarase a partir do 01/01/2013
 - b. Prevé que, ata 2015, os EEMM poidan expedir certificados de competencia ao persoal con experiencia
 - c. Aplicarase a partir do 01/01/2015
 - d. Son correctas as respostas "a" e "b"

308. Que problemas do BA se presentan na utilización de medios eléctricos para o sacrificio de aves:

- a. Dor e atordamento ineficaz
- b. Ferida non mortal
- c. Aversión á indución
- d. Hematomas

309. Que especies teñen en común que se sacrifican na propia explotación:

- a. Peixes e animais de peletaría
- b. Peixes, porcino e ovino-caprino
- c. Aves e coellos
- d. Porcino e animais de peletaría

310. Entre os métodos autorizados para o sacrificio de animais de peletaría non se encontra a:

- a. Exposición ao CO₂ (dióxido de carbono)
- b. Exposición ao CO (monóxido de carbono)
- c. Exposición ao cloroformo
- d. Exposición ao eter

311. A lei 32/2007, no seu apartado sobre infraccións clasificaas en:

- a. Graves, moi graves e graves
- b. Apercibimentos e sancións pecuniarias
- c. Graves, leves e moi leves
- d. Moi graves, graves e leves

312. Tipifícase como infracción “moi grave” respecto á protección animal:

- a. O sacrificio de animais en espectáculos públicos
- b. Reutilizar animais en procedementos de investigación
- c. Realizar actividades sen autorización administrativa en centros e explotación
- d. O traballo dun veterinario sen estar colexiado

313. Incumprir a obriga de atordamento previo nun sacrificio segundo un rito relixioso considérase:

- a. Falta grave
- b. Falta moi grave
- c. Falta leve
- d. Non se considera infracción

314. O convenio para a protección dos animais nas explotacións gandeiras de 1976:

- a. Está ratificado por España
- b. Non está ratificado por España aínda que si pola UE
- c. É unha recomendación que carece de todo poder normativo
- d. Está incorporado ao código de animais terrestres da OIE

315. O RD 1084/2005 de avicultura de carne prohibe en todos os casos:

- a. O recorte de picos
- b. A castración de aves de curral
- c. A castración de ratites
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

316. Cal das seguintes actividades non está exceptuada do ámbito de aplicación da Lei 32/2007:

- a. A caza menor
- b. A caza maior
- c. As corridas de touros
- d. O transporte comercial de animais de compañía

317. Nunha infracción grave, segundo a Lei 32/2007, a contía económica da multa pode oscilar entre:

- a. 301 e 600 €
- b. 601 e 6.000 €
- c. 6.001 e 10.000 €
- d. 501 e 1.000 €

MÓDULO 8

318. A norma española máis recente que reforma o marco normativo da prevención de riscos laborais é a:

- a. Lei 54/2003
- b. Lei 59/2010
- c. Lei 22/2008
- d. Lei 32/2007

319. A actual Lei española de prevención de riscos laborais é a:

- a. Lei 31/1995
- b. Lei 31/1997
- c. Lei 31/1998
- d. Lei 22/1998

320. No sector agrogandeiro identifícanse riscos fundamentalmente asociados a:

- a. As instalacións
- b. O contorno ambiental
- c. Os zurros e o silo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

321. Entre os equipos de protección individual (EPI) encontramos:

- a. Lentes e traxes
- b. Barras metálicas
- c. Coche e tractor
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

322. A enfermidade coñecida como “pulmón do granxeiro” é debida á:

- a. Respiración de esporas con feo
- b. Bronquites verminosas
- c. Manipulación de forraxe
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”

323. O conxunto de requirimentos psico-físicos aos que o traballador se ve sometido ao longo da xornada laboral coñécese como:

- a. Carga de traballo
- b. Carga mental
- c. Carga física
- d. Requisitos do posto de traballo

324. Cal das seguintes recomendacións é correcta para traballar con animais:

- a. Traballar con rapidez para evitar conflitos
- b. Encerrar os animais para mellorar a eficacia nos desprazamentos
- c. Usar a pica eléctrica e achegarse aos animais por detrás
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

325. As siglas OIT correspóndense coa:

- a. A Organización Iberoamericana do Traballo
- b. A Organización Internacional do Transporte
- c. A Organización Internacional do Traballo
- d. A Organización internacional do Tránsito Aéreo

326. A prevención de riscos do traballo na UE suxéitase á Directiva Marco:

- a. 89/391/CEE
- b. 89/398/CEE
- c. 203/391/CEE
- d. 89/105/CEE

327. O Regulamento dos servizos de prevención en España apróbase co:

- a. RD 39/1997
- b. RD 39/2007
- c. RD 39/1999
- d. RD 39/2008

328. Son custos ocultos dos accidentes de traballo:

- a. As interferencias na produción
- b. Procesos e condenas xudiciais
- c. Sancións penais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

329. En España a Lei de sanidade animal é a:

- a. Lei 8/2005
- b. Lei 8/2003
- c. Lei 8/2004
- d. Lei 8/2007

330. O Real decreto que establece e regula o rexistro xeral das explotacións gandeiras é o:

- a. RD 479/2004
- b. RD 479/2005
- c. RD 25/2004
- d. RD 82/2006

331. O REGA é aplicable a:

- a. Animais de compañía
- b. Animais domésticos e silvestres
- c. Animais de produción
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

332. O REGA non se aplica a:

- a. Búfalos
- b. Bisontes
- c. Rodaballos
- d. Xabarís silvestres

333. O REGA aplícase a:

- a. Visón e raposo vermello peleteiros
- b. Londra e chinchilla peleteiras
- c. Crustáceos (*Subfilum crustacea*)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

334. Segundo o REGA son centros de sacrificio domiciliarios:

- a. Centros de sacrificio de porcino de autoconsumo
- b. Centros de sacrificio de bovinos de autoconsumo
- c. Centro de sacrificio de peixes de autoconsumo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

335. Segundo o REGA unha praza de touros é:

- a. Unha explotación
- b. Un centro de corentena
- c. Un centro de concentración de animais
- d. Non é unha explotación, aínda que se lle asigne un código REGA temporal

336. Segundo o REGA os pastos constitúen:

- a. Unha explotación
- b. Quedan á marxe da explotación ao carecer das instalacións de estabulación
- c. Un centro de concentración temporal de animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

337. En España o número de díxitos de identificación dunha explotación (código REGA) é de:

- a. 12
- b. 10
- c. 11
- d. 15

338. Os ósos divídense en:

- a. 2 clases
- b. 3 clases
- c. 4 clases
- d. 5 clases

339. As células musculares posúen propiedades:

- a. Contráctiles unicamente
- b. Conductivas unicamente
- c. Contráctiles e conductivas
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

MÓDULO 9

340. Segundo a OMS a contribución da profesión veterinaria á sociedade céntrase en:

- a. A hixiene alimentaria
- b. As zoonoses e patoloxías
- c. A ecoloxía
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

341. A OIE considera a profesión veterinaria:

- a. Un ben público mundial
- b. Unha prioridade de investimento da administración
- c. Un apoio ao comercio de produtos de orixe animal
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

BA E TRANSPORTE

342. O primeiro traslado de animais por ferrocarril realizouse en:

- a. 1852
- b. 1902
- c. 1905
- d. 1910

343. Ao desprazamento de animais por estrada en Europa correspóndelle o:

- a. 90-99% do total
- b. 90-91 % do total
- c. 75-82% do total
- d. 20-50% do total

344. A persoa directamente encargada do BA dos animais aos que acompañan durante a viaxe é:

- a. O condutor especializado
- b. O transportista
- c. O coidador
- d. O técnico de mantemento

345. Un équido rexistrado é aquel que:

- a. Está inscrito nun libro xenealóxico
- b. Non está inscrito
- c. Esta rexistrado nun libro xenealóxico
- d. Son correctas as respostas "a" e "c"

346. Os centros de concentración son:

- a. Únicamente lugares de saída
- b. Nunca lugares de saída
- c. Teñen que estar autorizados
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

347. Un lugar de destino:

- a. É onde se descarga un animal dun medio de transporte
- b. É unicamente unha explotación
- c. É unicamente un matadoiro
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

348. O proxecto comunitario de identificación electrónica do gando vacún, ovino e caprino é:

- a. O proxecto CATRA
- b. O proxecto COST
- c. O proxecto CCON
- d. O proxecto IDEA

349. De todas as opcións cal é un punto de saída:

- a. Unha explotación normal
- b. Un posto de inspección fronteirizo
- c. Un matadoiro
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

350. O nome común da hipertermia no transporte é:

- a. O golpe de frío
- b. O golpe de calor
- c. A morte do transporte
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

351. O golpe de calor depende principalmente de:

- a. Cada animal
- b. Tempo de exposición ao axente
- c. Temperatura
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

352. Os mecanismos externos da perda de calor son:

- a. A radiación
- b. A conducción
- c. A convección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

353. A zona onde o animal non realiza gasto enerxético en termorregulación é:

- a. A zona de confort térmico
- b. A zona de termoneutralidade
- c. A zona de condición hometérmica
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

354. Que factor intrínseco do animal inflúen no golpe de calor:

- a. Auga en pouca cantidade
- b. Espazo mal ventilado
- c. Carencia de sombra
- d. Cor da capa

355. Son respostas termorreguladoras para xerar calor:

- a. O tremor e vasodilatación cutánea
- b. A diminución do fluxo sanguíneo central
- c. O tremor e vasoconstrición cutánea
- d. Todas as respostas anteriores son verdadeiras

356. Son distraccións no arreo do gando os:

- a. Charcos, desaugadoiros, superficie do piso e textura
- b. Cambios de calor en paredes de forma repentina
- c. Distraccións de luz/sombra e ruídos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

357. É moi útil para o arreo do gando porcino a utilización de:

- a. Aguillóns
- b. Paneis
- c. Aguilladas de arrear máis de 5 segundos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

358. Se un animal se lesiona durante o transporte:

- a. Separátese do resto dos animais do grupo
- b. Recibirá auxilios de emerxencia
- c. Terá asistencia veterinaria coa máxima prontitude
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

359. A calidade da carne non se ve afectada se:

- a. O animal non está estresado
- b. O animal está descansado
- c. As densidades son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

360. A hipertemia maligna no transporte require unha especial prevención no gando:

- a. Equino
- b. Ovino
- c. Porcino
- d. Vacún

361. As alteracións máis frecuentes por traumatismos no transporte son:

- a. As contusións, feridas e luxacións
- b. As hemorraxias e fracturas
- c. O traumatismo cranioencefálico en équidos
- d. Son correctas as respostas "a" e "b"

362. Durante a condución dos animais e por garantir a súa seguridade o transportista:

- a. Freará de forma intermitente/brusca
- b. Revisará a presión das rodas
- c. Evitará brusquidades na condución e nos xiros
- d. Son correctas as respostas "b" e "c"

363. O lugar de descarga dos animais

- a. Estará protexido lateralmente
- b. Terá o menos ruído posible e as rodas pouco escorregadizas
- c. Estará ben informado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

- 364. Para rexistrarse os centros de limpeza e desinfección:**
- a. Cumprirán a normativa vixente
 - b. Estarán autorizados pola autoridade competente
 - c. Nunca poderán autorizarse nunha ADS
 - d. Son correctas as respostas "a" e "b"
- 365. O RD relativo ás normas mínimas nas operacións de limpeza e desinfección para vehículos de transporte de animais é o:**
- a. RD 1559/2005
 - b. RD 1559/2008
 - c. RD 1659/2005
 - d. RD 1659/2008
- 366. O uso de camas no transporte será obrigatorio para o desprazamento de:**
- a. Leitóns de < de 10 Kg
 - b. Cordeiros de < de 20 Kg
 - c. Becerros de < de 6 meses
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 367. Que requisitos adicionais necesitan os vehículos de transporte para viaxes longas:**
- a. Teito de calor clara
 - b. Transporte de penso en cantidade abondo
 - c. Tanques de auga con capacidade polo menos 1,5% de carga útil máxima
 - d. Todas as respostas anteriores son correctas
- 368. O sistema de ventilación forzada nos vehículos para viaxes longas terá unha autonomía de funcionamento de:**
- a. 4 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
 - b. 5 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
 - c. 6 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
 - d. 7 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
- 369. Para o cálculo da densidade de carga correcta necesítanse:**
- a. O número de animais e o peso da carga en quilogramos
 - b. A superficie total da que os animais poden dispoñer no vehículo
 - c. O fluxo de aire e a temperatura
 - d. Son correctas as respostas "a" e "b"

370. Os animais poderán realizar viaxes longas sempre que:

- a. Se respecten os tempos de descanso
- b. Se respecten as subministracións de alimentos
- c. Viaxen con condutores autorizados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

371. Nunha viaxe longa as horas máximas permitidas para porcos son:

- a. 12 horas con subministración de auga permanente a disposición dos animais
- b. 16 horas con subministración de auga permanente a disposición dos animais
- c. 18 horas con subministración de auga permanente a disposición dos animais
- d. 24 horas con subministración de auga permanente a disposición dos animais

372. O sistema de navegación por satélite para os vehículos de viaxes longas é obrigatorio para todos os vehículos a partir do ano:

- a. 2008
- b. 2009
- c. 2010
- d. 2015

373. As autorizacións que conceden as autoridades competentes para vehículos e transportistas teñen unha validez de:

- a. 6 anos
- b. 5 anos
- c. 2 anos
- d. Indefinida

374. O caderno de a bordo ou folla de ruta é obrigatorio para:

- a. Viaxes curtas de équidos rexistrados
- b. Viaxes curtas de bovinos de < de 1 ano
- c. Viaxes longas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

375. O rexistro xeral de transportistas, contedores e medios de transporte de animais a nivel nacional é o:

- a. SIRENTRA
- b. SIMOGAN
- c. SIMOPORC
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

376. Un transportista, segundo a Lei de sanidade (8/2003), ten obriga de levar no transporte:

- a. Un libro de rexistro
- b. Un libro de tratamentos
- c. Un sistema de contención dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

377. Un transportista de gando pode conducir de forma continua sen facer descansos:

- a. O mesmo tempo que se lles permita aos animais que transporta
- b. 24 horas máximo
- c. 12 horas mínimo
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

OUTRAS PREGUNTAS

Nun esquema de produción de ovos. As granxas de multiplicación son:

- a. Granxas de avós
- b. Granxas de pais
- c. Granxas de fillos
- d. Granxas de poñedoras comerciais

Nas reprodutoras pesadas, a alimentación separada por sexos ten lugar en:

- a. As granxas de cría
- b. As granxas de recria
- c. As naves de produción
- d. En todos os casos

A vixilancia das aves produtoras de carne no interior da nave deberá realizarse, polo menos:

- a. Unha vez ao día
- b. Dúas veces ao día
- c. Tres veces ao día
- d. Catro veces ao día

Cal dos seguintes dispositivos non é obrigatorio no interior dunha gaiola acondicionada:

- a. Dispositivo de recorte de picos
- b. Dispositivo de recorte de uñas
- c. Poleiro
- d. Camas

O comportamento ao que as aves dedican maior porcentaxe de tempo é:

- a. Descanso e sono
- b. Cinético, exploratorio e alimentario
- c. Pracenteiro e coidado corporal
- d. Reprodutivo

As aves teñen un apetito específico por determinados nutrientes como:

- a. O sodio e o calcio
- b. O magnesio e o potasio
- c. O cobalto e o ferro
- d. O calcio e o ferro

Os baños de area realízanse con maior frecuencia:

- a. A primeira hora do día
- b. Cara á metade do día
- c. Ao atardecer
- d. Pola noite

As aves prefiren descansar:

- a. Sobre un chan de area
- b. Sobre un chan de terra
- c. Sobre unha percha
- d. En calquera sitio indistintamente

A partir de que época histórica comezou ou interese polo benestar animal

- a. A revolución industrial
- b. A revolución francesa
- c. A revolución dos caraveis
- d. A revolución rusa

En que inflúe a agresividade dos manexadores en canto á xestión das porcas nais:

- a. Teñen crías máis grandes
- b. As crías son máis agresivas
- c. Teñen menos crías por cada parto
- d. As nais atenden máis ás crías

Para unha muxidura economicamente eficiente das vacas, o operario debe actuar:

- a. É recomendable que teña o can para manexar o rabaño
- b. Ser activo e andar a présa
- c. Facendo ruídos e mantendo as vacas en tensión
- d. Dunha maneira tranquila e sosegada

O BA no contexto actual débese considerar un dos piares da gandaría europea xunto con:

- a. A seguridade alimentaria
- b. A saúde animal/ambiental
- c. O desenvolvemento sostible
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

No caso das especies domésticas, xerouse un compromiso entre nós e os animais que se coñece como:

- a. Contrato de futuro
- b. Contrato animal
- c. Contrato de vida
- d. Todas as respostas anteriores son falsas

Os principais factores que influíron na actitude da sociedade fronte ao benestar animal foron:

- a. As crises alimentarias
- b. Os cambios socioculturais e alimentarios
- c. As dúas opcións anteriores son certas
- d. Ningunha das respostas anteriores son correctas

Os consumidores, en relación co benestar animal, de forma xeral:

- a. Están desinformados das prácticas gandeiras
- b. Son facilmente manipulables pola publicidade e os medios de comunicación
- c. Non valoran por igual o BA en todas as especies
- d. As respostas anteriores son correctas

Na redacción actual dos tratados da UE permítese a realización de certas accións con animais en conflito co BA:

- a. Só por motivos relixiosos
- b. Só no caso de tradicións culturais
- c. Só no caso de que sexa patrimonio rexional
- d. Polos tres motivos anteriores

A UE fai referencia ao BA nalgún dos seus tratados:

- a. Si, no Tratado de Lisboa
- b. Non, en ningún tratado
- c. Non, salvo no Tratado de Roma de 1957
- d. A UE non ten competencia en materia do BA

A domesticación:

- a. É igual co adestramento
- b. É un proceso de adaptación evolutivo
- c. Empezou na Idade Media
- d. Ningunha resposta das anteriores é correcta

A domesticación leva consigo:

- a. Modificacións xenéticas
- b. O control da reprodución e a modificación de resposta ao estrés
- c. Cambios anatómicos, fisiolóxicos e de comportamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas

Ás interaccións home-animal poden ser de carácter:

- a. Positivo
- b. Negativo
- c. Neutro
- d. Todas as respostas anteriores son certas

Unha interacción de carácter positivo do home fronte aos animais pode ser:

- a. Subministrar alimento
- b. As actuacións de vixilancia
- c. Unha intervención veterinaria
- d. Todas as respostas anteriores son positivas

Ás interaccións entre o home e os animais son máis fortes na:

- a. Gandaría de pastoreo extensiva
- b. Gandaría intensiva tradicional
- c. Gandaría intensiva industrial
- d. Gandaría de devesa

Son obxectivos do plan de acción comunitario:

- a. Definir as políticas comunitarias en materia de protección e benestar dos animais
- b. Coordinar os recursos existentes
- c. Asegurar un enfoque máis coherente e coordinado destas políticas de benestar
- d. Todos os anteriormente expostos son obxectivos do plan de acción

Cal das seguintes non está establecida como un ámbito de actuación do plan de acción comunitario:

- a. Mellora das normas mínimas
- b. Introducción de indicadores estandarizados do BA
- c. Mellora da información aos profesionais e ao público, en xeral
- d. A intervención dos mercados

Destes organismos europeos hai un que non ten relación coa política en materia de benestar animal:

- a. A Comisión Europea
- b. O Consello de Europa
- c. O Comité das Rexións
- d. A EFSA (Autoridade Europea para a Seguridade Alimentaria)

Dende o ano 2003, a EFSA (Autoridade Europea para a Seguridade Alimentaria) traballa no BA en:

- a. A promoción e aplicación de novas tecnoloxías en temas de seguridade alimentaria
- b. A investigación sobre factores de risco e novas enfermidades
- c. Son correctas as dúas opcións anteriores
- d. Son falsas as opcións anteriores, xa que só se dedica a cuestións relacionadas directamente coa alimentación

En benestar animal, é correcto afirmar que:

- a. A liberdade ambiental refírese á posibilidade do animal de expresar o seu comportamento normal
- b. A liberdade sanitaria refírese ao feito do animal de ter dispoñibilidade de edificacións adaptadas
- c. A liberdade psicolóxica refírese ao feito do animal de non ser sometido a doenzas físicas
- d. A liberdade fisiolóxica refírese á condición do animal de non pasar sede ou fame

Os principais problemas de benestar en vacas leiteiras, segundo a EFSA son:

- a. claudicación, mastite, deslocamento do abomaso e aborto
- b. claudicación, mastite, metrite e hipocalcemia
- c. claudicación, mastite, problemas reprodutivos e disturbios metabólicos
- d. claudicación, mastite, retención de placenta e cetose

A primeira versión dun sistema organizado de avaliación de benestar animal (ANI-35-I) xurdiu en:

- a. Alemaña
- b. Francia
- c. Dinamarca
- d. Austria

A hixiene da vaca leiteira asume unha relación importante como o reconto de células somáticas do leite. Esta relación é máis evidente, en que parte anatómica do animal:

- a. Pernas
- b. Abdome
- c. Coxa e flanco
- d. Cauda

O dimensionamento dos cubículos é un aspecto crucial no benestar e confort das vacas leiteiras. O cumprimento mínimo admisible deste equipamento é de:

- a. 2 m
- b. 2,3 m
- c. 3 m
- d. 2,8 m

galicia



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA
DE GALICIA